LA ROMANIZACIÓN DE HISPANIA

A principal razón pola que falamos galego e castelán e estudiamos latín e a cultura de Roma é, precisamente, a conquista da Península Ibérica polas armas romanas, nun proceso que comezou no s. III a.C., e xa non se detivo. O futuro desta parte de Europa quedou marcado para sempre pola influencia de Roma e o seu goberno.

Imos ver cómo nos fomos convertendo en romanos

HISPANIA
ANTES DOS ROMANOS

POBOS PRERROMANOS DE HISPANIA (s. III a.C.)

A palabra Hispania ten unha etimoloxía discutida: o único seguro é que este era o nome que os cartaxineses daban á Península, e foi adoptado polos romanos

No s. III a.C., esta terra presentaba un mosaico tribal composto de multitude de pobos, que se dividían en dous grandes grupos: os indoeuropeos (concentrados no centro e norte, de cultura rural, máis pobres), e os non indoeuropeos, quizais de procedencia oriental (no sur e levante, de cultura urbana e máis desenvolvidos)

Os principais poboadores do sur e levante hispano foron os iberos, que mesmo chegaron a ter un momento de esplendor, con centro na cidade de Tartessos (preto da desembocadura do Guadalquivir), arredor do 1000 a.C. Quizais por iso se adaptaron moi ben aos intercambios económicos promovidos nas colonias costeiras fundadas por outras culturas de gran vocación comercial, como fenicios, gregos e cartaxineses (á súa vez de orixe fenicia)

Carthago Nova (Cartagena) e Ebusus (Ibiza), portos cartaxineses





Akra Leuke (Alicante) e Emporion (Ampurias), colonias gregas

Gadir (ou Gades) e Malaka, fundacións fenicias

Como consecuencia da I Guerra Púnica (264-241 a.C.), na que Roma e Cartago, dominadoras do Mediterráneo occidental, se enfrontaron, os cartaxineses cederon a Roma a illa de Sicilia, e nos anos inmediatos decidiron compensar esta perda conquistando o sur e o levante hispano

Imperios roma al da I Guerra Púnica

Amílcar Barca

Xa desde algúns séculos atrás os cartaxineses aproveitaran as riquezas mineiras desa zona da península, e tamén a empregaran como fonte de reclutamento de mercenarios. O proxecto de levar a cabo unha ocupación militar máis seria correu a cargo dunha familia moi emprendedora económica e militarmente: os Barca, entre os que destacaron Amílcar (morto en 229 a.C.) e Asdrúbal (xenro do anterior, morto en 221)

Temendo a recuperación dos cartaxineses, Roma asina con eles un tratado polo que Cartago se compromete a non extender a súa influencia máis ao norte do río Ebro (226 a.C.), zona que quedaría dispoñible para unha futura expansión romana (con límite no propio río). Poucos anos despois, Roma chegou a pactos de amistade con algunhas cidades-estado da costa levantina

Unha desas cidades era Sagunto, que é atacada e tomada por Aníbal Barca (247-182 a.C.), fillo de Hamílcar. De seguido, Aníbal sae para Italia a través dos Pirineos e os Alpes, deixando ao seu irmán Asdrúbal (non confundir co anterior, que era seu tío), a cargo dos territorios cartaxineses en Hispania

Axiña, Roma envía un exército a Hispania co dobre obxectivo de privar a Aníbal dos vitais suministros hispanos e de impedir que Asdrúbal cruzase a Italia en axuda de Aníbal. Os irmáns Publio e Gneo Cornelio Escipión recuperan Sagunto, mais en 211 son derrotados polos cartaxineses (que gañaran o favor dos pobos indíxenas celtíberos) preto de Cástulo (actual Cazlona, na provincia de Xaén). A pesar das victorias de Aníbal en Italia, é enviado a Hispania Publio Cornelio Escipión *o Africano*, quen en 209 toma Carthago Nova (Cartaxena) e, cunha hábil política de aproximación aos celtíberos, consegue que os cartaxineses abandonen o seu derradeiro bastión, Gades (Cádiz)

No contexto da organización do seu imperio, os romanos dividiron administrativamente a Hispania gañada aos cartaxineses en dúas provincias: Citerior (máis preto de Roma) e Ulterior (máis afastada). Durante todo o s. II Roma iniciará a expansión cara o interior e a explotación económica da Península (productos agrícolas e mineiros, sobre todo, que darán un enorme rendemento), con intensidade variable segundo os diversos gobernadores que se van encargando dela. En moitas ocasións os pobos autóctonos subleváronse contra o poder romano, queixándose de abusos. Roma non responderá sempre do mesmo xeito, alternando entre as concesións e as represións. Comeza tamén a romanización gracias á presencia do exército e unha incipiente clase administrativa enviada desde Italia

Viriato

As sublevacións máis problemáticas nesta época foron as lusitanas, lideradas por Viriato (morto en 139 a.C.), e as dos celtíberos, culminadas coa destrucción de Numancia (133). Destes anos data a primeira incursión no noroeste, por parte de Décimo Xuño Bruto (135), que fixo unha primeira exploración do territorio

Quinto Sertorio

G. Xulio César









A progresiva romanización (sobre todo do sureste) fai entrar a Hispania nos conflictos internos de Roma: Sertorio quixo formar un territorio autónomo (82-74), e César rematou a guerra civil contra os fillos de Pompeio na zona sur da Península, en Munda (preto da actual Osuna, provincia de Sevilla), no 45

Logo das guerras civís posteriores á morte de César, G. Octavio Augusto, unha vez feito co poder na capital, decide rematar a conquista da Península anexionando o norte, rico sobre todo en ouro e outros metais. Son as guerras cántabro-ástures (29-19 a.C.), contra pobos que apenas sentiran a influencia de Roma, pero que a partir de agora quedarán integrados no Imperio. A división provincial pasa de doble a triple: *Tarraconensis* (a máis grande, con capital en *Tarraco*, actual Tarragona), *Baetica* (con capital en *Corduba*, actual Córdoba) e *Lusitania* (con capital en *Emerita Augusta*, actual Mérida)



Cidades romanas en Hispania

O proceso romanizador acentúase a partir deste momento pola acción sobre o territorio da administración imperial: a fundación de cidades (moitas delas a partir de antigos acampamentos, trazados cun criterio ortogonal, como León), a construcción de calzadas, a organización municipal e a progresiva concesión do dereito de cidadanía (que en 212 d.C. chegará a todos os habitantes de Hispania), rematarán por asimilar culturalmente aos pobos indíxenas, dun xeito progresivo e non violento

A pesar de que a romanización foi máis fonda no sureste (xa máis desenvolvido antes dos romanos), a mellor proba dun grao minimamente alto de asimilación á cultura de Roma é o idioma: todas as linguas da Península (agás o eusquera) desapareceron en beneficio do latín, que deu lugar ás falas romances

Emerita (Mérida), fundación de Augusto como regalo a soldados veteráns (*emeriti*), foi a gran capital da Lusitania: conserva teatro, acueducto, anfiteatro e ponte, e hoxe en día é capital de Extremadura

Outra cidade con orixe militar foi Itálica, preto de Sevilla, na *Baetica*: consérvase a planta do núcleo urbano, e restos dun anfiteatro.

Pola súa banda, Segovia tén un dos acueductos mellor conservados do mundo romano

Tarragona foi a primeira capital que os romanos estableceron en Hispania, e conserva restos da muralla e un anfiteatro case pendurado sobre o mar. Moi preto pódese ver o arco triunfal de Bará

En Alcántara (Cáceres), está a ponte romana mellor conservada de Hispania, sobre o río Texo

As elites hispanorromanas mesmo darán Emperadores a Roma: Traxano e Adriano, iniciadores da dinastía Antonina (s. II d.C.)

A distribución provincial cambiará de novo con Caracalla (212 d.C.), que dá entidade propia a unha sección da *Tarraconensis*: a *Gallaecia*, con capital en Bracara Augusta (actual Braga). E máis tarde, Diocleciano (305), separará un novo anaco da *Tarraconensis*, denominado *Carthaginiensis* pola súa capital, Carthago Nova



Diocleciano

Caracalla

GALLAECIA ROMANA

Se te fixaches no último mapa, *Gallaecia* como provincia extendíase ata o río Douro polo sur e ata o Navia polo este, polo que sobrepasaba con moito os límites da actual Galicia: era o cuadrante noroccidental da península. A división de Diocleciano introduciu dentro de cada provincia uns distritos administrativos chamados *conventus*. Na *Gallaecia* eran o *Lucensis* (con capital en *Lucus Augusti*, actual Lugo), o *Bracarensis* (con capital en *Bracara Augusta*, actual Braga) e o *Asturicensis* (con *Asturica Augusta*, actual Astorga, como cidade principal)



Lugo conserva, como é sabido, a muralla romana máis completa do mundo romano, e unhas interesantes termas. Ademais, cada vez que se levanta o chan por algunha obra, seguen a aparecer restos da cidade antiga

Aquí podes ver a ponte romana conservada en Braga, a identificación do trazado ortogonal de Astorga, e a ponte que se conserva sobre o río Bibei, en Ourense (onde, por certo, hai outra ponte, a cal, aínda con reforma medieval, conserva os piares de época romana

Ponte romana de Braga

Ponte de Ourense

Ponte sobre o Bibei



Aparte de cidades, loxicamente hai entidades menores de poboación, moitas das cales seguen a configurarse como os antigos castros, aínda que experimentan influencia romana

Iso nótase no deseño das vivendas: no castro de Viladonga (Lugo) conviven casas de pranta circular (antiga) coas de trazado cuadrangular (romano)

Algúns tramos consérvanse nun estado algo aceptable: velaquí uns miliarios (puntos "quilométricos") en Sandiás, na provincia de Ourense

As vías romanas máis importantes da *Gallaecia* unían as capitais dos tres *conventus*, e aparecen numeradas no *Itinerario de Antonino* (unha especie de "guía" de estradas antiga) cos números XVIII, XIX, e XX



Excavacións arqueolóxicas en León

Acampamento de Aquis Querquennis (Baños de Bande, Ourense)

Elementos capitais da romanización foron os acampamentos militares, moitas veces orixes de centros urbanos: a actual cidade de León debe o seu nome ao acampamento da *Legio VII Gemina*, a única que Roma estableceu con carácter permanente en Hispania. A súa ubicación explícase pola protección debida á importante zona mineira que se atopaba nas súas proximidades, e que veremos a seguir

O aspecto que presenta na actualidade débese ao método de traballo das minas coñecido como *ruina montium*

Velaquí as Médulas, a grande explotación mineira da que os romanos extraeron toneladas de ouro con man de obra escrava durante máis de tres séculos



A auga traíase, co mesmo sistema dos acueductos, doutras montañas próximas. O sistema é unha boa mostra da capacidade dos romanos como enxeñeiros

Literalmente, o derrubo da montaña conseguíase mediante a acción combinada da excavación e a auga, cuxa presión desfacía doadamente o terreo, composto basicamente de arxila. Logo os derrubios lavábanse en grandes estanques, onde se separaba o mineral





Polo que levas visto, debes deducir que a incorporación de Hispania, e dentro dela de Gallaecia, ao mundo romano, foi completa, aínda que en todo o territorio haxa diferencias de grao na asimilación. Mais pensa que logo dos romanos todos os que viñeron (agás os árabes), asumiron e aproveitaron a herdanza romana

A ROMANIZACIÓN DE HISPANIA

A principal razón pola que falamos galego e castelán e estudiamos latín e a cultura de Roma é, precisamente, a conquista da Península Ibérica polas armas romanas, nun proceso que comezou no s. III a.C., e xa non se detivo. O futuro desta parte de Europa quedou marcado para sempre pola influencia de Roma e o seu goberno.

Imos ver cómo nos fomos convertendo en romanos

HISPANIA
ANTES DOS ROMANOS

A palabra Hispania ten unha etimoloxía discutida: o único seguro é que este era o nome que os cartaxineses daban á Península, e foi adoptado polos romanos

No s. III a.C., esta terra presentaba un mosaico tribal composto de multitude de pobos, que se dividían en dous grandes grupos: os indoeuropeos (concentrados no centro e norte, de cultura rural, máis pobres), e os non indoeuropeos, quizais de procedencia oriental (no sur e levante, de cultura urbana e máis desenvolvidos)

Os principais poboadores do sur e levante hispano foron os iberos, que mesmo chegaron a ter un momento de esplendor, con centro na cidade de Tartessos (preto da desembocadura do Guadalquivir), arredor do 1000 a.C. Quizais por iso se adaptaron moi ben aos intercambios económicos promovidos nas colonias costeiras fundadas por outras culturas de gran vocación comercial, como fenicios, gregos e cartaxineses (á súa vez de orixe fenicia)

Carthago Nova (Cartagena) e Ebusus (Ibiza), portos cartaxineses

Akra Leuke (Alicante) e Emporion (Ampurias), colonias gregas

Gadir (ou Gades) e Malaka, fundacións fenicias



Como consecuencia da I Guerra Púnica (264-241 a.C.), na que Roma e Cartago, dominadoras do Mediterráneo occidental, se enfrontaron, os cartaxineses cederon a Roma a illa de Sicilia, e nos anos inmediatos decidiron compensar esta perda conquistando o sur e o levante hispano

Imperios rom al da I Guerra Púnica

Xa desde algúns séculos atrás os cartaxineses aproveitaran as riquezas mineiras desa zona da península, e tamén a empregaran como fonte de reclutamento de mercenarios. O proxecto de levar a cabo unha ocupación militar máis seria correu a cargo dunha familia moi emprendedora económica e militarmente: os Barca, entre os que destacaron Amílcar (morto en 229 a.C.) e Asdrúbal (xenro do anterior, morto en 221)

Amílcar Barca

Temendo a recuperación dos cartaxineses, Roma asina con eles un tratado polo que Cartago se compromete a non extender a súa influencia máis ao norte do río Ebro (226 a.C.), zona que quedaría dispoñible para unha futura expansión romana (con límite no propio río). Poucos anos despois, Roma chegou a pactos

tado da costa levantina



Unha desas cidades era Sagunto, que é atacada e tomada por Aníbal Barca (247-182 a.C.), fillo de Hamílcar. De seguido, Aníbal sae para Italia a través dos Pirineos e os Alpes, deixando ao seu irmán Asdrúbal (non confundir co anterior, que era seu tío), a cargo dos territorios cartaxineses en Hispania

Axiña, Roma envía un exército a Hispania co dobre obxectivo de privar a Aníbal dos vitais suministros hispanos e de impedir que Asdrúbal cruzase a Italia en axuda de Aníbal. Os irmáns Publio e Gneo Cornelio Escipión recuperan Sagunto, mais en 211 son derrotados polos cartaxineses (que gañaran o favor dos pobos indíxenas celtíberos) preto de Cástulo (actual Cazlona, na provincia de Xaén). A pesar das victorias de Aníbal en Italia, é enviado a Hispania Publio Cornelio Escipión *o Africano*, quen en 209 toma Carthago Nova (Cartaxena) e, cunha hábil política de aproximación aos celtíberos, consegue que os cartaxineses abandonen o seu derradeiro bastión, Gades (Cádiz)

a organización do seu imperio, os romanos dividiron
a Hispania gañada aos cartaxineses en dúas provincias:
de Roma) e Ulterior (máis afastada). Durante todo o s.
expansión cara o interior e a explotación económica da
agrícolas e mineiros, sobre todo, que darán un enorme
ensidade variable segundo os diversos gobernadores que
ando dela. En moitas ocasións os pobos autóctonos
ra o poder romano, queixándose de abusos. Roma non
do mesmo xeito, alternando entre as concesións e as
tamén a romanización gracias á presencia do exército e
ente clase administrativa enviada desde Italia

Quinto Sertorio

As sublevacións máis problemáticas nesta época foron as lusitanas, lideradas por Viriato (morto en 139 a.C.), e as dos celtíberos, culminadas coa destrucción de Numancia (133). Destes anos data a primeira incursión no noroeste, por parte de Décimo Xuño Bruto (135), que fixo unha primeira exploración do territorio

G. Xulio César

Viriato

A progresiva romanización (sobre todo do sureste) fai entrar a Hispania nos conflictos internos de Roma: Sertorio quixo formar un territorio autónomo (82-74), e César rematou a guerra civil contra os fillos de Pompeio na zona sur da Península, en Munda (preto da actual Osuna, provincia de Sevilla), no 45

Logo das guerras civís posteriores á morte de César, G. Octavio Augusto, unha vez feito co poder na capital, decide rematar a conquista da Península anexionando o norte, rico sobre todo en ouro e outros metais. Son as guerras cántabro-ástures (29-19 a.C.), contra pobos que apenas sentiran a influencia de Roma, pero que a partir de agora quedarán integrados no Imperio. A división provincial pasa de doble a triple: *Tarraconensis* (a máis grande, con capital en *Tarraco*, actual Tarragona), *Baetica* (con capital en *Corduba*, actual Córdoba) e *Lusitania* (con capital en *Emerita Augusta*, actual Mérida)

Octavio Augusto

Cidades romanas en Hispania

A pesar de que a romanización foi máis fonda no sureste (xa máis desenvolvido antes dos romanos), a mellor proba dun grao mínimamente alto de asimilación á cultura de Roma é o idioma: todas as linguas da Península (agás o eusquera) desapareceron en beneficio do latín, que deu lugar ás falas romances

dor acentúase a partir
acción sobre o territorio
mperial: a fundación de
las a partir de antigos
razados cun criterio
ón), a construcción de
nización municipal e a
do dereito de cidadanía
chegará a todos os
pania), rematarán por
te aos pobos indíxenas,
esivo e non violento

Emerita (Mérida), fundación de Augusto como regalo a soldados veteráns (*eméritl*), foi a gran capital da Lusitania: conserva teatro, acueducto, anfiteatro e ponte, e hoxe en día é capital de Extremadura



Outra cidade con orixe militar foi Itálica, preto de Sevilla, na *Baetica*: conservase a planta do núcleo urbano e restos dun teatro.

Segovia tén aqueductos mellor conservados do mundo romano

Tarragona foi a primeira capital que os romanos estableceron en Hispania, e conserva restos da muralla e un anfiteatro case pendurado sobre o mar. Moi preto pódese ver o arco triunfal de Bará.

En Alcántara (Cáceres), está a ponte romana mellor conservada de Hispania, sobre o río Texo

As elites hispanorromanas mesmo darán Emperadores a Roma: Traxano e Adriano, iniciadores da dinastía Antonina (s. II d.C.)

A distribución provincial cambiará de novo con Caracalla (212 d.C.), que dá entidade propia a unha sección da *Tarraconensis*: a *Gallaecia*, con capital en Bracara Augusta (actual Braga). E máis tarde, Diocleciano (305), separará un novo anaco da *Tarraconensis*, denominado *Carthaginiensis* pola súa capital, Carthago Nova

Diocleciano

Caracalla



GALLAECIA ROMANA

Se te fixaches no último mapa, *Gallaecia* como provincia extendíase ata o río Douro polo sur e ata o Navia polo este, polo que sobrepasaba ben moito os límites da actual Galicia: era o cuadrante noroccidental da península. A división de Diocleciano introduciu dentro de cada provincia uns distritos administrativos chamados *conventus*. Na *Gallaecia* eran o *Lucensis* (con capital en *Lucus Augusti*, actual Lugo), o *Bracarensis* (con capital en *Bracara Augusta*, actual Braga) e o *Asturicensis* (con *Asturica Augusta*, actual Astorga, como cidade principal)

Lugo conserva, como é sabido, a muralla romana máis completa do mundo romano, e unhas interesantes termas. Ademais, cada vez que se levanta o chan por alguinha obra, seguen a aparecer restos da cidade antiga



Ponte romana de Braga

Aquí podes ver a ponte romana conservada en Braga, a identificación do trazado ortogonal de Astorga, e a ponte que se conserva sobre o río Bibei, en Ourense (onde, por certo, hai outra ponte, a cal, aínda con reforma medieval, conserva os piares de época romana

Ponte de Ourense

Ponte sobre o Bibei

Aparte de cidades, loxicamente hai entidades menores de poboación, moitas das cales seguen a configurarse como os antigos castros, aínda que experimentan influencia romana

Iso nótase no deseño das vivendas; no castro de Viladonga (Lugo) conviven casas de pranta circular (antiga) coas de trazado cuadrangular (romano)

As vías romanas máis importantes da *Gallaecia* unían as capitais dos tres *conventus*, e aparecen numeradas no *Itinerario de Antonino* (unha especie de "guía" de estradas antiga) cos números XVIII, XIX, e XX

Algúns tramos consérvanse nun estado algo aceptable: velaquí uns miliarios (puntos "quilométricos") en Sandiás, na provincia de Ourense

Acampamento de Aquis Quirquennis (Bande, Ourense)

Excavacións arqueolóxicas en León

Elementos capitais da romanización foron os acampamentos militares, moitas veces orixes de centros urbanos: a actual cidade de León debe o seu nome ao acampamento da *Legio VII Gemina*, a única que Roma estableceu con carácter permanente en Hispania. A súa ubicación explícase pola protección debida á importante zona mineira que se atopaba nas súas proximidades, e que veremos a seguir.

O aspecto que presenta na actualidade débese ao método de traballo das minas coñecido como *ruina montium*

Velaquí as Médulas, a grande explotación mineira da que os romanos extraeron toneladas de ouro con man de obra escrava durante máis de tres séculos


A auga traíase, co mesmo sistema dos acueductos, doutras montañas próximas. O sistema é unha boa mostra da capacidade dos romanos como enxeñeiros
Literalmente, o derrubo da montaña conseguíase mediante a acción combinada da excavación e a auga, cuxa presión desfacía doadamente o terreo, composto basicamente de arxila. Logo os derrubios lavábanse en grandes estanques, onde se separaba o mineral



Polo que levas visto, debes deducir que a incorporación de Hispania, e dentro dela de Gallaecia, ao mundo romano, foi completa, aínda que en todo o territorio haxa diferencias de grao na asimilación. Mais pensa que logo dos romanos todos os que viñeron (agás os árabes), asumiron e aproveitaron a herdanza romana